

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

Exame de obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP)

Viaxeiros

03/05/2023

09:30 H

-GALEGO-

MODELO A



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

1. Como pode ser a habilitación dun ou varios carrís para a circulación de vehículos de alta ocupación (VAO)?

- a) Sempre permanente.
- b) Só temporal, con horario fixo.
- c) Permanente ou temporal.
- d) Só temporal, con horario descontinuo.

2. A distancia de freado pode verse afectada por:

- a) a masa do vehículo, a carga que leve e a súa colocación.
- b) o estado dos freos, os amortiguadores e os pneumáticos.
- c) as condicións da vía.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

3. Para poder lograr unha eficacia durante a freada, é importante manter o centro de gravidade do vehículo:

- a) o máis preto posible das rodas dianteiras.
- b) o máis preto posible das rodas traseiras.
- c) o máis alto posible.
- d) o máis baixo posible.

4. No transporte privado complementario de viaxeiros en autobús:

- a) poden ser usuarios os traballadores de calquera empresa.
- b) os condutores poden non pertencer ao persoal da empresa.
- c) poderase facturar aos clientes por este concepto.
- d) os vehículos han de estar integrados na organización da empresa.

5. Que tipo de transporte é unha excursión organizada por un colexio para os seus alumnos, na que se utiliza un autobús propiedade do colexio?

- a) Transporte privado complementario.
- b) Transporte regular de uso especial.
- c) Transporte discrecional particular.
- d) Un colexio non pode efectuar ningún tipo de transporte.

6. A beiravía é:

- a) a interrupción na separación física de dúas calzadas para facilitar a comunicación entre ambas.
- b) a franxa lonxitudinal situada entre dúas plataformas separadas.
- c) a franxa lonxitudinal, afirmada ou non, comprendida entre o bordo exterior da beiravía e a cuneta.
- d) a banda lonxitudinal afirmada, contigua á calzada, non destinada á circulación de automóviles máis que en circunstancias excepcionais.

7. É necesaria a obtención de autorización de transporte para a realización dun transporte de viaxeiros entre a zona de embarque dun aeroporto e o avión?

- a) Si, sempre.
- b) Non, en ningún caso.
- c) Si, cando o destino do avión é internacional.
- d) Si, cando os viaxeiros son todos estranxeiros.

8. Por razón do seu obxecto, como poden ser os transportes?

- a) Regulares.
- b) Irregulares.
- c) Internacionais.
- d) De viaxeiros ou mercadorías.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

9. No transporte internacional de viaxeiros por estrada, ten importancia o acordo:

- a) CMR.
- b) CIM.
- c) INTERBUS.
- d) CEMT.

10. No transporte internacional de viaxeiros dentro da Unión Europea

- a) os servizos regulares necesitan unha autorización específica.
- b) os servizos regulares están liberalizados.
- c) necesariamente teñen que participar empresas dos países en tránsito.
- d) é obrigatoria unha folia de roteiro para os servizos regulares.

11. Segundo a normativa da Unión Europea, que autocares deberán levar obrigatoriamente cintos de seguridade en todos os asentos?

- a) Todos os que superen as cincuenta prazas de capacidade.
- b) Todos os que teñan unha antigüidade inferior a dez anos.
- c) Os de longo percorrido matriculados a partir do 20 de outubro de 2007.
- d) Os de longo percorrido matriculados a partir do 20 de outubro de 2009.

12. Nunha sociedade anónima, o capital social non pode ser nunca inferior a:

- a) 30.000 euros.
- b) 60.000 euros.
- c) 100.000 euros.
- d) 120.000 euros.

13. A Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres, regula a duración dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular de uso xeral?

- a) Si, a duración máxima.
- b) Si, a duración mínima.
- c) Si, tanto a duración máxima como a mínima.
- d) Non.

14. Que é a plataforma dunha estrada?

- a) A zona da estrada non dedicada ao uso de vehículos.
- b) A zona da estrada dedicada ao uso de vehículos, formada exclusivamente polos carrís.
- c) A zona da estrada dedicada ao uso de vehículos, formada pola calzada e a mediana.
- d) A zona da estrada dedicada ao uso de vehículos, formada pola calzada e as beiravías.

15. A maior altura do centro de gravidade, a estabilidade do autobús:

- a) diminúe.
- b) aumenta.
- c) aumenta, sempre que a parte máis lixeira da carga permaneza na base da caixa.
- d) non sofre alteracións.

16. A deriva do pneumático dun autobús depende de:

- a) a forza termodinámica.
- b) a forza segmentarial cónica.
- c) a forza motriz.
- d) a carga do vehículo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

17. O deslizamiento das rodas motrices dun autobús pode darse por:

- a) o cambio a unha relación de marchas inferiores.
- b) a entrada de impurezas gasosas.
- c) unha redución paulatina da velocidade.
- d) unha forte aceleración ou por unha freada excesiva.

18. A resistencia do aire actúa sempre:

- a) no mesmo sentido que a traxectoria do autobús.
- b) en sentido perpendicular á forza motriz.
- c) en sentido oblicuo á súa traxectoria.
- d) en sentido oposto ao movemento do autobús.

19. Que se considera transporte internacional de viaxeiros por estrada?

- a) Aquel cuxo itinerario discorre, polo menos parcialmente, polo territorio dun Estado estranxeiro.
- b) Aquel cuxo itinerario discorre totalmente polo territorio dun Estado estranxeiro.
- c) Aquel cuxo itinerario discorre, polo menos parcialmente, polo territorio de dous Estados estranxeiros.
- d) Aquel cuxo itinerario discorre, polo menos parcialmente, polo territorio de tres Estados.

20. Nas empresas de transporte de viaxeiros en autobús as actividades do condutor relacionadas co coidado mecánico do vehículo:

- a) son moi importantes e cada vez aumenta máis a súa valoración.
- b) son esenciais; sen acreditar un pleno dominio delas non debe contratarse a ningún condutor.
- c) son cada vez máis escasas.
- d) Os coidados mecánicos corresponden exclusivamente aos talleres.

21. Que requisitos esíxense a quen desexe obter unha licenza comunitaria de transporte de viaxeiros?

- a) Ser titular de autorización de transporte público de viaxeiros en autobús.
- b) Ser titular de autorización de transporte regular de uso especial.
- c) Ser titular de autorización de transporte regular de uso xeral.
- d) Todas as respostas son correctas.

22. En que clase de transporte encádranse o transporte escolar e o de traballadores?

- a) Transporte regular de uso xeral.
- b) Transporte regular de uso especial.
- c) Transporte discrecional.
- d) Transporte de lanzadeira.

23. Que condicións deben cumprir, no ámbito da Unión Europea, os transportes por conta propia de viaxeiros en autocar?

- a) A actividade principal do titular do vehículo debe ser o transporte.
- b) O transporte efectuarase con ánimo de lucro.
- c) O transporte hase de realizar con fins comerciais.
- d) O transporte realizarase sen ánimo de lucro e sen fins comerciais.

24. Como debe ser a utilización dos asentos nun transporte de menores?

- a) Cada neno ocupará o seu propio asento.
- b) Pódese situar a tres nenos por cada dous asentos.
- c) Pódese situar a tres nenos por cada dous asentos, se son menores de dez anos.
- d) Pódese situar a tres nenos por cada dous asentos, se son menores de oito anos e non teñen problemas de mobilidade.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

25. O condutor dun autobús debe manter:

- a) liberdade de movementos.
- b) o campo de visión despexado.
- c) As respostas A e B son correctas.
- d) O indicado nas respostas A e B non é unha obrigaón, senón unha recomendación.

26. Como se denomina ao conxunto de signos e símbolos que expresan a identidade dunha empresa e os seus servizos?

- a) Calidade.
- b) Profesionalidade.
- c) Marca.
- d) Fiabilidade.

27. Das seguintes indicacións, cal é incorrecta para seleccionar unha relación de marchas máis alta?

- a) Ter en conta o tipo de material empregado no motor.
- b) Consultar o manual do vehículo.
- c) Observar o desnivel se hai pendentes.
- d) Observar a velocidade do vehículo.

28. A extracción das tarxetas de tacógrafo pode realizarse:

- a) unicamente cando o solicite o axente de control.
- b) unicamente co vehículo en movemento.
- c) co vehículo en movemento ou parado, indistintamente.
- d) unicamente co vehículo parado.

29. A resistencia aerodinámica ten máis influencia no consumo:

- a) a menos de 20 km/h.
- b) entre 20 e 40 km/h.
- c) entre 40 e 60 km/h.
- d) a partir de 60 ou 70 km/h.

30. Os gastos que un accidente de tráfico implica para os afectados con lesións están relacionados con:

- a) axudas técnicas.
- b) axudas de terceira persoa.
- c) tratamentos físicos e psicolóxicos.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

31. Ao prestar axuda nun accidente de circulación, que se debe facer antes de socorrer aos feridos?

- a) Chamar a atención do resto de condutores para solicitar a súa axuda.
- b) Acudir ao posto de socorro máis próximo para solicitar axuda.
- c) Protexer e sinalizar o lugar do accidente.
- d) Retirar os vehículos accidentados da calzada.

32. Considerando o volante como un reloxo, cal das seguintes é a posición máis adecuada das mans segundo os expertos?

- a) A chamada das "dez e dez".
- b) A chamada das "dez menos dez".
- c) A chamada das "dez e media".
- d) A chamada das "doce e dez".

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

33. Sinalar a resposta incorrecta.

- a) As rodas deben ter a mínima masa posible.
- b) A lamia da roda é a parte metálica do conxunto.
- c) As rodas deben ter alta capacidade de carga.
- d) As rodas converten o movemento de avance en xiro.

34. O espazo e os medios de traballo deben ser concibidos tendo en conta:

- a) a altura á que se realiza o traballo.
- b) o asento no que se realiza o traballo.
- c) as medidas do corpo humano.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

35. Ante unha emerxencia na estrada, débese socorrer aos feridos, protexer a zona e alertar aos servizos de auxilio. En que orde debe facerse?

- a) 1º Socorrer, 2º Protexer e 3º Alertar.
- b) 1º Protexer, 2º Alertar, 3º Socorrer.
- c) 1º Socorrer, 2º Alertar, 3º Protexer.
- d) A orde en que se actúe non é importante, pódese facer como se prefira.

36. O cigüeñal transforma

- a) o movemento horizontal do pistón en movemento vertical.
- b) o movemento vertical do pistón en movemento horizontal.
- c) o movemento lineal alternativo do pistón en movemento xiratorio.
- d) o movemento xiratorio do pistón en movemento lineal alternativo.

37. Como se denominan os accidentes ocorridos nos desprazamentos de ida e volta ao lugar de traballo?

- a) Descirculantes.
- b) Desplazantes.
- c) Externos.
- d) In itinere.

38. O transporte por estrada é unha actividade produtiva caracterizada por:

- a) ser un traballo moi tranquilo.
- b) ser un traballo a ritmos acelerados.
- c) ter uns riscos de accidente de traballo nulos.
- d) ter unha duración de xornada inferior ás 4 horas.

39. No caso de condutores profesionais, a que parte do corpo adoita afectar máis un asento deteriorado no posto de condución?

- a) Ao estómago.
- b) Á columna vertebral.
- c) Ao fígado.
- d) Ao ril.

40. Sinala a afirmación incorrecta con relación ao posto de condución.

- a) O respaldo debe contar con repousacabezas.
- b) O asento debe permitir a súa regulación a vontade do usuario.
- c) O volante debe permitir a súa regulación a vontade do usuario.
- d) O asento debe estar o máis separado posible, aínda que haxa que estirarse.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

41. Non pertence ao sistema de transmisión dun automóbil...

- a) o embrague.
- b) a caixa de velocidades.
- c) o motor de arranque.
- d) o grupo cónico.

42. A seguridade activa, como se denomina?

- a) Seguridade primaria.
- b) Seguridade dinámica.
- c) Seguridade secundaria.
- d) Seguridade estática.

43. A máxima potencia dun motor conséguese

- a) ao ralentí.
- b) a un réxime medio de revolucións.
- c) a un número de revolucións próximo ao máximo.
- d) ao máximo de revolucións.

44. O consumo específico dun motor, indica como é o seu rendemento?

- a) Non, só indica a cantidade de litros que consome cada 100 quilómetros.
- b) Non, só indica como é o seu par motor.
- c) Si, a menor consumo específico menor rendemento do motor.
- d) Si, a menor consumo específico maior rendemento do motor.

45. Se un motor funciona ao máximo de revolucións:

- a) aumenta o consumo.
- b) aumenta o par motor.
- c) aumenta o consumo e o par motor.
- d) diminúe o consumo e o par motor.

46. Cando un motor funciona a un réxime medio de revolucións no canto de un réxime alto de revolucións:

- a) o par motor é maior e o consumo menor.
- b) o par motor e o consumo son menores.
- c) o par motor e o consumo son maiores.
- d) o par motor é menor e o consumo maior.

47. Que actuación non é unha medida preventiva que é necesario realizar co fin de evitar un incendio?

- a) Revisar o estado dos freos.
- b) Realizar un adecuado mantemento do vehículo.
- c) Deter o vehículo á dereita, fóra da calzada e da beiravía se fose posible.
- d) En pendentes pronunciadas que requiran o constante uso do freo eléctrico ou de servizo, baixar en marchas curtas aproveitando a retención do motor.

48. En que se baseará a determinación da responsabilidade dun accidente respecto do que se presentou unha declaración amigable?

- a) Nos datos consignados na declaración amigable.
- b) Nos supostos feitos reais.
- c) No testemuño das testemuñas presenciais soamente.
- d) No parte feito por un axente da autoridade soamente.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

49. Que función ten o debuxo do pneumático cando está chovendo?

- a) Que estes non se estraguen con facilidade.
- b) Que non se mollen.
- c) Evacuar a auga que se atopa ao seu paso.
- d) Obter unha maior velocidade.

50. Por que se ten que lavar o vehículo cando se circulou moito sobre neve?

- a) Polo efecto corrosivo da neve.
- b) Polo efecto corrosivo do sal nos pneumáticos.
- c) Polo efecto corrosivo do sal na carrocería.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

51. Nunha inspección de transporte na estrada, pode ordenarse o traslado do vehículo a un taller?

- a) Si, se hai indicios fundados de manipulación dos instrumentos de control que haxa obriga de levar instalados no vehículo.
- b) Non; no caso de indicios fundados de manipulación dos instrumentos de control que exista a obriga de levar instalados no vehículo, pódese inmovilizar o vehículo, pero non ordenar o seu traslado.
- c) Si, se non está ao día na ITV.
- d) Non, en ningún caso.

52. O tempo dedicado por un condutor a limpeza e mantemento técnico do vehículo, como se considera na normativa laboral española?

- a) Tempo de descanso.
- b) Tempo de pausa.
- c) Tempo de traballo efectivo.
- d) Tempo de presenza.

53. Un condutor que nunha mesma semana leva unha condución diaria de 9 horas e 15 minutos e outra de 9 horas e 20 minutos, cantas veces máis pode pasar de 9 horas, segundo a regulamentación social europea?

- a) Unha soa vez máis nesta semana.
- b) 3 veces máis nesta semana.
- c) Todas as que queira.
- d) Ningunha.

54. Dos elementos técnicos que se citan, cales reforzan a seguridade na condución?

- a) As pantallas panorámicas dos monitores.
- b) Os sistemas que evitan o cansazo ou a somnolencia no condutor.
- c) Os sistemas electrónicos de visión nocturna.
- d) Os sensores de ultrasóns que detectan a presenza doutros usuarios na vía.

55. Cal dos seguintes elementos non é un tipo de ralentizador?

- a) O ralentizador hidráulico.
- b) O calderín de freado.
- c) O ralentizador electromagnético.
- d) O freo motor no escape.

56. Cales son equipos de protección individual do tronco e do abdome?

- a) Xeonlleiras.
- b) Faixas e cintos antivibracións.
- c) Luvas contra as agresións de orixe eléctrica.
- d) Protectores auditivos.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

57. Cales son os tipos de actividade que permite rexistrar, por separado e de modo diferenciado, o tacógrafo?

- a) Condución.
- b) Descanso.
- c) Outro traballo.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

58. Cando debe envorcase a información das tarxetas de condutor?

- a) Nunca.
- b) Todas as semanas.
- c) Cando cambie de vehículo.
- d) Ao abandonar a empresa o condutor.

59. Cando son especialmente perigosos os efectos da fatiga para os condutores profesionais?

- a) Na última hora de condución da xornada laboral.
- b) Ás 12 da mañá.
- c) Á primeira hora da mañá.
- d) A fatiga non resulta perigosa.

60. A elección da relación de marchas correcta durante a condución depende, entre outras circunstancias:

- a) do perfil da estrada.
- b) da temperatura exterior.
- c) do carburante utilizado.
- d) do que indique o manómetro.

61. Cando se produce un aumento da fatiga de forma elevada durante a condución?

- a) En traxectos curtos.
- b) En traxectos pouco coñecidos.
- c) En condicións atmosféricas favorables.
- d) Na primeira hora de viaxe.

62. Cal é a capacidade mínima de rexistro dun disco-diagrama ou folla de rexistro?

- a) 10 horas.
- b) 20 horas.
- c) 24 horas.
- d) 48 horas.

63. O disco-diagrama ou folla de rexistro do tacógrafo analóxico ten unha zona onde anotar:

- a) a matrícula do vehículo.
- b) o número de bastidor do vehículo.
- c) a marca do vehículo.
- d) o nome da empresa.

64. Debe o disco-diagrama ou folla de rexistro do tacógrafo analóxico levar impresos os datos do fabricante?

- a) Si, pero só se o disco é estándar.
- b) Si, é obrigatorio.
- c) Non.
- d) Si, pero só para discos mecánicos.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

65. Segundo a normativa española, cando un condutor acompaña a un vehículo nun transbordador, o tempo empregado está considerado como:

- a) tempo de presenza cando se comunicou a súa duración de antemán.
- b) tempo de pausa.
- c) tempo doutros traballos.
- d) tempo de descanso.

66. Como rexistra o tacógrafo analóxico a distancia percorrida polo vehículo nun disco-diagrama ou folla de rexistro?

- a) En números grandes para que se lea ben.
- b) Con números en letra vermella.
- c) Non a rexistra.
- d) Con movementos do estilete de subida e baixada na zona máis interior do disco.

67. Substitúe a tarxeta de tacógrafo do condutor ao permiso de conducir?

- a) Non, nunca.
- b) Si, pero só para condutores da Unión Europea.
- c) Si, pero só se o condutor procede dalgún país hispanoamericano.
- d) Si, pero só mentres se está renovando o permiso.

68. Cando un vehículo está en movemento posúe unha enerxía cinética que será maior:

- a) canto maior sexa a súa masa.
- b) canto menor sexa a súa masa.
- c) canto maior sexa a súa altura.
- d) canto menor sexa a súa altura.

69. Cando deben usarse as pinzas no cinto de seguridade?

- a) Soamente poden utilizalas os transportistas.
- b) Sempre que se queira.
- c) Soamente en vías interurbanas.
- d) Nunca, xa que reducen a eficacia do mesmo.

70. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, a cobertura do seguro de subscrición obrigatoria alcanzará aos danos materiais ocasionados ao tomador do seguro?

- a) Só cando o tomador non sexa o condutor do vehículo causante do accidente.
- b) Só cando o tomador non sexa á vez o asegurado.
- c) Non, en ningún caso.
- d) Sempre estarán cubertos.

71. Entre os elementos que hai que revisar nun vehículo non se atopa:

- a) a cor uniforme das equipaxes.
- b) o funcionamento do aire acondicionado.
- c) os elementos de autoprotección (para materias perigosas).
- d) os martelos rompecristales (autobuses).

72. Que consecuencias ten o coma vexetativo para o que o padece?

- a) Non ten conciencia de si mesmo nin da contorna, non pode falar nin comunicarse.
- b) O afectado depende dunha axuda externa.
- c) A perda de funcións motoras nas extremidades inferiores.
- d) A perda de funcións motoras en todas as extremidades e o tronco.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

73. Que tipo de condutores teñen unha taxa de sinistralidade máis alta?

- a) Os mozos e os que realizan traxectos nacionais.
- b) Os condutores de maior experiencia e traxectos nacionais.
- c) Os mozos e traxectos provinciais.
- d) Os mozos e os que realizan traxectos internacionais.

74. Que marca viaria delimita os lugares ou zonas de estacionamento?

- a) As liñas e marcas de estacionamento.
- b) Un cebreado.
- c) A liña de bordo de calzada.
- d) A marca de comezo de carril reservado.

75. O estado no que se atope o filtro do aire do sistema de alimentación, pode afectar ao consumo de carburante dun automóbil?

- a) Non, só poderá influír nunha maior contaminación atmosférica.
- b) Non, só poderá influír nunha maior contaminación acústica.
- c) Si, xa que, se se atopa sucio, aumenta o consumo de carburante.
- d) Si, nos motores de explosión, pero non nos de combustión.

76. Que factor non inflúe no consumo de carburante dun automóbil?

- a) A octanaxe do gasóleo.
- b) O número de revolucións por minuto do motor.
- c) A presión dos pneumáticos.
- d) O perfil da estrada.

77. Das seguintes accións, cal favorece a ausencia de accidentes?

- a) Circular a unha velocidade inadecuada.
- b) Conducir baixo os efectos do alcol.
- c) Conducir respectando a sinalización viaria.
- d) Conducir utilizando inadecuadamente os elementos de seguridade dos vehículos.

78. Que repercusión ten o alcol na condución?

- a) Aumenta a capacidade de reacción.
- b) Diminúe a distancia de freada.
- c) Aumenta a seguridade.
- d) Fai aparecer o cansazo con bastante rapidez.

79. O conxunto de coñecementos e técnicas que ten como obxectivo a mellor adaptación da persoa á actividade que desenvolve denomínase:

- a) Fisioloxía.
- b) Autonomía.
- c) Ergonomía.
- d) Laboriosidade.

80. Pódense tomar datos das testemuñas na declaración amigable de accidente?

- a) Si.
- b) Non, salvo que haxa feridos.
- c) Non, salvo que o ordene un axente das Forzas de Seguridade que teña encomendada a vixilancia do tráfico.
- d) Non, en ningún caso.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

81. Das seguintes opcións, cal é unha medida de aforro de carburante equivocada?

- a) Baixar as pendentas en punto morto.
- b) Observar as revolucións do motor para decidir o momento no que se debe cambiar de marcha.
- c) Deixar de acelerar con suficiente antelación.
- d) Manter a agulla do contarrevolucións do motor na zona marcada, xeralmente, de cor verde.

82. Para aforrar carburante, é conveniente:

- a) coñecer con exactitude datos técnicos do vehículo como o coeficiente aerodinámico ou a carreira do pistón.
- b) coñecer o material do que está fabricado o motor.
- c) observar de lonxe para anticiparse aos acontecementos.
- d) coñecer o material do que está fabricado a carrocería.

83. No contarrevolucións dun vehículo pesado existe unha zona marcada, xeralmente, de cor verde, que indica?

- a) É a zona na que a cantidade de aire que entra no cilindro é menor.
- b) É a zona de utilización do turbocompresor.
- c) É a zona na que o turbocompresor non funciona.
- d) É a zona de menor consumo.

84. Que factor inflúe no consumo de carburante?

- a) O tipo de freo que monte o vehículo.
- b) A porcentaxe de anticongelante que posúa o líquido do sistema de refrixeración.
- c) A presión de inflado dos pneumáticos.
- d) A situación das rodas motrices.

85. O maior ou menor consumo de carburante dun vehículo pesado depende de varios factores, entre outros,:

- a) do número de revolucións por minuto do motor e a posición do pedal do acelerador.
- b) do tipo de batería e da relación de marchas seleccionada.
- c) do motor de arranque e do tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- d) da presión dos pneumáticos e a lonxitude do pistón.

86. Entre os factores que afectan ao consumo de carburante dun automóbil atópase:

- a) a montaxe de freos de tambor.
- b) o tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- c) o material do que estea construída a carrocería.
- d) o mantemento do vehículo, as revolucións por minuto do motor e o estado no que se atope o filtro do aire do sistema de alimentación.

87. En que momento débese comprobar o nivel de aceite?

- a) É indiferente, o importante é comprobalo.
- b) Co motor en marcha e co vehículo en movemento.
- c) Co motor en marcha, antes de iniciar o movemento.
- d) Antes de poñer o motor en marcha.

88. Non se debe instalar nas rodas dun vehículo pesado uns pneumáticos máis anchos que os indicados na tarxeta de inspección técnica. Se, a pesar de todo, faise:

- a) diminuír a seguridade do vehículo e aumentará o consumo de carburante.
- b) non se verá afectada a seguridade nin o consumo.
- c) aumentará a seguridade do vehículo e diminuír o consumo de carburante.
- d) aumentará a seguridade do vehículo e o consumo de carburante.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

89. Nun motor diésel, segundo o ciclo teórico, o carburante inxéctase:

- a) no tempo de combustión.
- b) no tempo de admisión.
- c) no tempo de escape.
- d) durante os tempos de admisión, compresión e combustión.

90. Dos seguintes dispositivos, cal está considerado como elementos de seguridade pasiva?

- a) As rodas.
- b) O sistema de suspensión.
- c) O airbag.
- d) O sistema de freado.

91. O condutor dun vehículo, como pode proceder para que o motor lle entregue a potencia necesaria?

- a) Axustando a posición do pedal do acelerador, soamente.
- b) Seleccionando a marcha apropiada da caixa de velocidades, soamente.
- c) Axustando a posición do pedal do acelerador e seleccionando a marcha apropiada.
- d) Axustando a posición do pedal do acelerador, seleccionando a marcha apropiada e regulando o consumo de combustible.

92. Todo corpo está exposto a diferentes forzas e pares. Que sucede cando a suma das forzas e os pares aplicadas a un autobús é distinta de cero?

- a) Que hai incremento de temperatura.
- b) Que hai falta de gravidade.
- c) Que o vehículo se atopa en repouso.
- d) Que o vehículo se move.

93. Que tipo de ralentizador posúe unha válvula que pecha parcialmente o tubo de saída do colector de escape?

- a) O retárder.
- b) O freo no motor.
- c) O intárder.
- d) O freo eléctrico.

94. A que velocidade instantánea é recomendable poñer un vehículo nunha baixada prolongada?

- a) Á que se considere segura para a condución.
- b) 20 km/h por baixo da que se considere segura para a condución.
- c) 15 km/h por baixo da que se considere segura para a condución.
- d) 10 km/h por baixo da que se considere segura para a condución.

95. Durante o trazado dunha curva:

- a) débese reducir progresivamente a velocidade durante todo o trazado.
- b) débese incrementar progresivamente a velocidade durante todo o trazado.
- c) debe manterse unha velocidade constante e frear suavemente á saída da mesma.
- d) debe manterse unha velocidade constante e acelerar progresivamente á saída da mesma.

96. Como se clasifican, entre outras, as estradas, segundo a normativa estatal?

- a) Autoestradas e estradas convencionais.
- b) De nivel nacional e de nivel territorial.
- c) Multicarril e monocarril.
- d) Todas as respostas son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

97. O dispositivo de seguridade EDS, que acción leva a cabo?

- a) Consegue o funcionamento sincronizado do sistema de freos en todas as rodas.
- b) Mide a distancia co vehículo que circula diante e calcula a distancia de seguridade.
- c) Se, ao arrincar, unha roda motriz patina, fréaa.
- d) Incrementa a presión no sistema de freado en caso de emerxencia.

98. Como se cuantifica o risco que teñen os peóns de sufrir unha incidencia?

- a) Tres veces menor que o condutor dun ciclomotor.
- b) Tres veces menor que o condutor dun automóbil.
- c) O dobre que un ciclista.
- d) Entre dous e sete veces maior que o condutor dun automóbil.

99. A conduta dun condutor que pon en risco a vida doutros usuarios de modo intencionado, en resposta a unha disputa de tráfico, cualifícase como:

- a) conducción defensiva.
- b) conducción arriscada.
- c) conducción agresiva.
- d) conducción eficiente.

100. A conducción eficiente:

- a) aumenta a seguridade.
- b) reduce a seguridade.
- c) resulta indiferente desde o punto de vista da seguridade.
- d) Non existe un modo de conducir que se poida denominar eficiente, só conducción segura ou arriscada.

Preguntas de reserva (Só se corruxirán se o tribunal anula algunha das anteriores)
--

101. Que indica un semáforo consistente nunha franxa branca horizontal iluminada sobre fondo circular negro?

- a) Prohibe o paso nas mesmas condicións que a luz vermella non intermitente.
- b) Permite o paso de fronte.
- c) Indica que está permitido o paso para virar á dereita.
- d) Indica que está permitido o paso para virar á esquerda.

102. No modelo oficial da declaración amigable de accidentes, débese debuxar un esbozo sobre o punto de choque e a posición dos vehículos?

- a) Non, en ningún caso.
- b) Non, salvo que houbese feridos.
- c) Non, salvo que algún dos condutores implicados ou algunha das testemuñas teña coñecementos de debuxo.
- d) Si.

103. Que perdas de enerxía prodúcense no motor?

- a) Gases de escape a elevada temperatura.
- b) Calor disipada a través do sistema de refrixeración.
- c) Rozamentos de pezas do motor.
- d) Todas as respostas son correctas.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Viajeros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Fecha: 03-05-2023 09:30 h
Lugar: RUA DE MADRID, 2

97. El dispositivo de seguridad EDS, ¿qué acción lleva a cabo?

- a) Consigue el funcionamiento sincronizado del sistema de frenos en todas las ruedas.
- b) Mide la distancia con el vehículo que circula delante y calcula la distancia de seguridad.
- c) Si, al arrancar, una rueda motriz patina, la frena.
- d) Incrementa la presión en el sistema de frenado en caso de emergencia.

98. ¿Cómo se cuantifica el riesgo que tienen los peatones de sufrir una incidencia?

- a) Tres veces menor que el conductor de un ciclomotor.
- b) Tres veces menor que el conductor de un automóvil.
- c) El doble que un ciclista.
- d) Entre dos y siete veces mayor que el conductor de un automóvil.

99. La conducta de un conductor que pone en riesgo la vida de otros usuarios de modo intencionado, en respuesta a una disputa de tráfico, se califica como:

- a) conducción defensiva.
- b) conducción arriesgada.
- c) conducción agresiva.
- d) conducción eficiente.

100. La conducción eficiente:

- a) aumenta la seguridad.
- b) reduce la seguridad.
- c) resulta indiferente desde el punto de vista de la seguridad.
- d) No existe un modo de conducir que se pueda denominar eficiente, solo conducción segura o arriesgada.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. ¿Qué indica un semáforo consistente en una franja blanca horizontal iluminada sobre fondo circular negro?

- a) Prohíbe el paso en las mismas condiciones que la luz roja no intermitente.
- b) Permite el paso de frente.
- c) Indica que está permitido el paso para girar a la derecha.
- d) Indica que está permitido el paso para girar a la izquierda.

102. En el modelo oficial de la declaración amistosa de accidentes, ¿se debe dibujar un croquis sobre el punto de choque y la posición de los vehículos?

- a) No, en ningún caso.
- b) No, salvo que hubiera heridos.
- c) No, salvo que alguno de los conductores implicados o alguno de los testigos tenga conocimientos de dibujo.
- d) Sí.

103. ¿Qué pérdidas de energía se producen en el motor?

- a) Gases de escape a elevada temperatura.
- b) Calor disipado a través del sistema de refrigeración.
- c) Rozamientos de piezas del motor.
- d) Todas las respuestas son correctas.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Viajeros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Fecha: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RUA DE MADRID, 2
